



OS DEREITOS HUMANOS



Bandeira das Nacións Unidas, Huhsunqu (Dominio público).



ÍNDICE

OS DEREITOS HUMANOS

1. DEREITOS HUMANOS E DIGNIDADE HUMANA.....	1
1.1 O concepto de dignidade humana: definición.....	1
1.2 Dereitos humanos e dignidade.....	1
1.3 Breve historia da conquista dos dereitos humanos.....	2
1.4 Un lento proceso.....	4
Exercicios.....	5
2. ARTIGOS DOS DEREITOS HUMANOS.....	6
2.1 Introducción.....	6
2.2 Preámbulo.....	6
2.3 Cal é o cumprimento dos dereitos humanos?.....	9
Exercicios.....	9
3. RELATO HISTÓRICO DOS DEREITOS DAS MULLERES.....	10
Exercicios.....	12
4. IDENTIDADE E VIOLENCIA DE XÉNERO. OS DEREITOS LGTBIQ.....	13
4.1 Introducción.....	13
4.2 Violencia de xénero.....	13
4.3 Dereitos LGBTI.....	14
Exercicios.....	16
SOLUCIÓN.....	17



1. DEREITOS HUMANOS E DIGNIDADE HUMANA

1.1 O concepto de dignidade humana: definición

A dignidade ou *cualidade de digno* (do latín *dignitas*, que se traduce por “*excelencia ou grandeza*”), fai referencia ao valor inherente a cada ser humano concreto polo simple feito de selo, en canto ser dotado de racionalidade e liberdade¹. Este concepto nace no pensamento clásico grego (s. V a.C.) e vaise desenvolvendo coa aparición do cristianismo no século I, e posteriormente no Renacemento e no pensamento moderno (S. XV-XVIII), e foi recollido definitivamente no plano xurídico na Declaración universal dos dereitos humanos no 1948.

O dicionario panhispánico do español xurídico define a dignidade da persoa do seguinte modo:

«1. Cualidade propia da condición humana da que emanan os dereitos fundamentais, xunto co libre desenvolvemento da personalidade, que precisamente por ese fundamento son inviolables e inalienables.

2. Valor do ser humano e fin supremo de todo dereito e acción do Estado.

3. Límite mínimo e indispensable da regulación dos dereitos fundamentais.

4. Fundamento dos dereitos fundamentais, da orde política e da paz social».

A dignidade humana é ontolóxica, é dicir, non depende de ningún condicionamento nin diferenza étnica, de sexo, condición social ou calquera outro tipo, senón que é inherente á condición humana e está indisolublemente vinculada á capacidade racional, á autonomía e ao libre albedrío do ser humano.

Toda a filosofía moderna, e o filósofo alemán I. Kant (s. XVIII) en particular, incidiron na condición humana da liberdade e autonomía, como o factor que máis determina a singularidade humana e a súa dignidade, onde o coñecemento e a educación xogan un papel fundamental no seu desenvolvemento e recoñecemento.

1.2 Dereitos humanos e dignidade

*Declaración universal dos dereitos humanos. «Artigo 1. **Todos os seres humanos nacen libres e iguais en dignidade e dereitos** e, dotados como están de razón e conciencia, deben comportarse fraternalmente os uns cos outros».*

Por que se enumera a dignidade antes que os dereitos no artigo 1 ?

A dignidade é a base de todos os dereitos humanos. Os seres humanos teñen dereitos que deben ser tratados con absoluto tino, precisamente porque **cada persoa posúe un valor intrínseco**, unha **dignidade inherente á súa condición humana**, con independencia da súa nacionalidade, xénero, condición sexual, raza, condición económica, etc.



1.3 Breve historia da conquista dos dereitos humanos

Os dereitos humanos non xorden espontaneamente no ano 1948 despois de dúas guerras mundiais devastadoras. Aínda que eses conflitos mundiais contribuíron á creación da Organización das Nacións Unidas (ONU), a cal, diante desa barbarie do século XX, co Holocausto como a máis terrible delas, propuxo a aprobación dun “marco” xurídico mínimo que debían respectar todos os sistemas lexislativos dos países que subscribiron ese acordo. Este marco xurídico concretouse na redacción dos 30 artigos que conforman a Declaración universal dos dereitos humanos, que foi aprobada pola Asamblea Xeral das Nacións Unidas o 10 de decembro de 1948.

Pero este enorme logro para un mundo mellor ten moitos antecedentes, algúns dos cales resumimos aquí:

- Na época das primeiras e grandes civilizacións, como Exipto, Mesopotamia, etc., non hai indicios de dereitos humanos. O **Código de Hammurabi** (1792 a.C.), unha das primeiras redaccións dun código xurídico coñecido, sustentaba a súa máxima da xustiza na **Lei do Talión** (“*Ollo por ollo e dente por dente*”).
- No ano **539 a.C.**, os exércitos de **Ciro O Grande**, o primeiro rei da Persia Antiga (actual Irán), conquistaron a cidade de Babilonia. Pero as súas seguintes accións son as que marcaron un avance para o home. Liberou os escravos, declarou que todas as persoas tiñan dereito a escoller a súa relixión e estableceu a igualdade racial. Estes decretos foron gravados nun cilindro de barro cocido, coñecido hoxe como o Cilindro de Ciro, e son considerados a primeira manifestación duns dereitos humanos.
- No mundo clásico grecorromano, no cal asistimos ao nacemento do dereito positivo (dereito romano) cuxa influencia chega aos nosos días, plásmanse os primeiros dereitos xerais que se fan extensivos a toda a cidadanía do Imperio Romano co **Edicto de Caracalla** do **ano 212**. Aínda que hai que recoñecer que na Grecia e na Roma clásicas só se lles recoñecían eses dereitos aos homes e cidadáns libres, pero non ás mulleres e aos escravos.
- Nesta época grecorromana tamén as relixións xudía e cristiá exhortan a actuar con xustiza no Antigo Testamento.
- Non hai moitos avances ata o final da Idade Media, o inicio do Renacemento e a Idade Moderna.
- No século XIII, o rei Juan de Inglaterra vese obrigado á sinatura da **Carta Magna (1215)**, para limitar o seu poder e impedir actos reais arbitrarios, como a confiscación de terras e impostos irracionais. Esta carta recollía, entre outros, o dereito dos cidadáns a posuír e herdar propiedades, e a protección contra os impostos excesivos. Tamén estableceu o dereito das viúvas a non volver casar.

- O seguinte fito recoñecido no desenvolvemento dos dereitos humanos foi a **Petición de dereito** elaborada en **1628** polo Parlamento Inglés e enviada a Carlos I como unha declaración de liberdades civís.

A Declaración de independencia dos EE.UU. (1776)

Esta declaración aprobada polo Congreso dos EE.UU. o 4 de xullo de 1776, redactada polo seu terceiro presidente, Thomas Jefferson, defendía o republicanismo, a democracia e os dereitos individuais. Tivo unha notable influencia na Revolución Francesa do 1789.

Constitución dos Estados Unidos de América (1787) e a Carta de dereitos (1791)

A Constitución dos EE.UU. foi escrita no verán de 1787 e as súas primeiras 10 emendas (a Carta de dereitos) entraron en vigor o 15 de decembro de 1791, limitaron os poderes do Goberno federal dos EE.UU. E protexeron os dereitos de todos os cidadáns, residentes e visitantes. A Carta de dereitos protexe a liberdade de expresión, a liberdade relixiosa e a liberdade de reunión, entre outros. Tamén prohibe que o Goberno federal prive da propiedade, da liberdade ou da vida a calquera persoa sen o debido proceso legal.

A Revolución Francesa: a Declaración dos dereitos do home e dos cidadáns de 1789

O **14 de xullo de 1789** ten lugar a toma da Bastilla, cárcere onde se metían os súbditos condenados, sen xuízo xusto, por orde do rei. Os súbditos tomaron o cárcere e enfróntanse ao exército do rei Luis XVI. Derrotado o exército, o rei e a súa raíña consorte, María Antonieta, foron xulgados, condenados a morte por traizón e executados na guillotina. Isto supuxo o inicio da **Revolución Francesa**.

Esta revolución supuxo unha nova cultura política, onde nace a idea actual de "*ciudadán*", que foi relegando o concepto de súbdito que correspondía aos individuos gobernados baixo as monarquías absolutistas.

Despois desta revolución, neste mesmo ano de 1789 organizábase a que aproba os **dereitos do home e do cidadán**, que inspirará os principios das democracias modernas e será o piar sobre o que se articula a Declaración universal dos dereitos humanos do século XX.



Declaración dos dereitos do home e cidadán

A primeira Convención de Xenebra (1864)

En 1864, dezaseis países europeos e varios americanos asistiron a unha conferencia en Xenebra co propósito de adoptar un convenio para o tratamento dos soldados feridos en combate.

Os principios máis importantes establecidos na convención estipulan a obriga de prover atención médica sen discriminación ao persoal militar ferido ou enfermo e respectar o transporte e o equipamento do persoal médico co signo distintivo da cruz vermella sobre fondo branco.

Cada un destes pasos históricos foi marcando fitos no longo camiño dos dereitos humanos. A **Declaración universal dos dereitos humanos do 1948** sería imposible sen este proceso histórico que foi apuntalando a idea da dignidade humana como fundamento e clave dos dereitos humanos.

1.4 Un lento proceso

Como vimos, os dereitos humanos foron recoñecéndose ao longo da historia, a través dun lento proceso de aprendizaxe moral que aínda non terminou. Neste proceso pódense distinguir tres momentos ou **xeracións** dos dereitos humanos, que pola súa vez se corresponden cun modelo de Estado.

Primeira xeración: os dereitos de liberdade

A primeira xeración é a dos **dereitos civís e políticos**. Empezaron a ser reivindicados pola burguesía fronte ao Antigo Réxime a partir do século XVI: o dereito á vida, á integridade física, a pensar e expresarse libremente, a xuntarse con quen se desexe, á liberdade de movementos, a participar no goberno do propio país, a ser xulgados con garantías de imparcialidade, a ter propiedade e a comerciar libremente.

En liñas xerais podemos englobar todos estes dereitos como froito dun valor básico que lles sirve de guía: **a liberdade**.

Esta primeira xeración de dereitos está vencellada ao **liberalismo** (Estado liberal) que afirmaba que os individuos posúen unhas liberdades que ninguén debe violar, nin sequera o Estado.

Segunda xeración: os dereitos de igualdade

Esta segunda xeración refire os **dereitos económicos, sociais e culturais**, como o dereito ao emprego e ao salario xusto, a vivenda, a saúde, a educación, cultura e pensión de xubilación. Estes dereitos foron reivindicados sobre todo polos movementos obreiros entre os séculos XIX e XX. Con eles preténdese apoiar dun xeito real a primeira xeración de dereitos. Dificilmente podemos exercer os dereitos civís e políticos se non temos uns mínimos ingresos económicos, educación, saúde, etc.

O progresivo recoñecemento deste dereitos deu lugar ao **Estado social de dereito**, que garante as mesmas liberdades que o Estado liberal pero intenta redistribuír a riqueza para asegurar que se protexan os dereitos económicos, sociais e culturais de todas as persoas.



Terceira xeración: os dereitos da solidariedade

Finalmente, os chamados **dereitos de terceira xeración** inclúen o dereito a nacer e vivir nun **ambiente san**, non contaminado pola polución e o ruído, e o dereito **a vivir en paz**. Nos últimos anos estanse a incorporar as condicións que permitan unha vida sa e en paz, o **dereito á morte digna**, como a última condición necesaria dunha "vida digna", que non pode obrigar a morrer con dor e sufrimento innecesarios. Estes dereitos aínda non foron recollidos nunha declaración internacional, pero son tan básicos como os anteriores, porque se se vive nun ambiente contaminado ou de guerra, dificilmente se poderán cumprir os dereitos anteriores.

A maiores, é necesaria a **solidariedade internacional** para que poidan cumprirse. Como poderíamos conseguir un ambiente limpo e san, se non nos comprometemos todos: Estados, partidos políticos, cidadáns, etc.? Como se poderán evitar ou frear as guerras sen o compromiso de todos os países e cidadáns...?



EXERCICIOS

Exercicio 1

«A xustiza necesita o complemento da solidariedade, sexa cal sexa o grao de realización que alcanzar. Precisamente os países e sociedades máis avanzadas, cun produto interior bruto e unha renda per cápita elevadas, cuns servizos sociais ou públicos satisfactorios – educación, sanidade, transportes dignos e operativos-, sociedades onde todo funciona, soen ser a imaxe máis evidente das insuficiencias da xustiza. *Parece existir unha relación proporcional entre a maior abundancia e riqueza dunha sociedade e o menor grao de solidariedade entre os seus membros*».

Victoria Camps. *Virtudes públicas e ética civil*. Madrid 1990

- Que idea sostén no texto Victoria Camps?
- Que razóns cres que xeran esta disparidade entre o benestar económico e social e o retroceso da solidariedade?

2. ARTIGOS DOS DEREITOS HUMANOS

2.1 Introducción

A Declaración dos dereitos humanos foi redactada como resposta aos horrores da Segunda Guerra Mundial. O seu obxectivo é crear un decálogo legislativo que estableza aqueles dereitos mínimos que calquera Estado, e baixo calquera circunstancia, debe respectar no seu conxunto.

A Declaración universal dos dereitos humanos é un documento que marca un fito na historia da humanidade e nos seus dereitos. Elaborada por representantes de 26 países (hoxe en día está ratificada esta declaración polos 195 países do mundo), foi aprobada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas, celebrada en **París o 10 de decembro de 1948 na súa Resolución 217 A III**. Este ideal común de todos os pobos e nacións establece por primeira vez os dereitos fundamentais que deben ser protexidos no mundo enteiro e foi traducida a máis de 500 idiomas.

A Declaración universal dos dereitos humanos consta dun **preámbulo** e **30 artigos**, que enumeramos a seguir:

2.2 Preámbulo

«Considerando que a liberdade, a xustiza e a paz no mundo teñen por base o recoñecemento da dignidade intrínseca e os dereitos iguais e inalienables de todos os membros da familia humana;

Considerando que o descoñecemento e menosprezo dos dereitos humanos teñen orixinado actos de barbarie para a conciencia da humanidade, e que se proclamou, coa aspiración máis elevada do home, a chegada dun mundo en que os seres humanos, liberados do temor e a miseria, desfruten da liberdade de palabra e crenzas;

Considerando esencial que os dereitos humanos sexan protexidos por un réxime de dereito, co fin de que o home non se vexa obrigado ao supremo recurso da rebelión contra a tiranía e a opresión;

Considerando tamén esencial promover o desenvolvemento das relacións amistosas entre as nacións;

Considerando que os pobos das Nacións Unidas reafirmaron na Carta a súa fe nos dereitos fundamentais do home, na dignidade e no valor da persoa humana e na igualdade de dereitos de homes e mulleres, e se declararon dispostos a promover o progreso social e a elevar o nivel de vida dentro dun concepto máis amplo da liberdade;

Considerando que os Estados membros se comprometeron a asegurar, en cooperación coa ONU, o respecto universal e efectivo aos dereitos e á liberdade fundamentais do home, e



Considerando que unha concepción común destes dereitos e liberdades é da maior importancia para o pleno cumprimento do dito compromiso;

Agora, polo tanto,

a Asemblea Xeral

Proclama a presente Declaración universal dos dereitos humanos como ideal común polo que todos os pobos e nacións deben esforzarse, co fin de que tanto os individuos como as institucións, inspirándose constantemente nela, promovan, mediante a ensinanza e a educación, o respecto a estes dereitos e liberdades, e aseguren, con medidas progresivas de carácter nacional e internacional, o seu recoñecemento e aplicación universal e efectiva, tanto entre os pobos dos Estados membros como entre os dos territorios baixo a súa xurisdición.

2.3 Artigos

- **Artigo 1.** *Todos os seres humanos nacemos libres e iguais en dignidade e dereitos.*
- **Artigo 2.** *Todas as persoas somos iguais sexa cal sexa a nosa orixe, etnia, cor, sexo, idioma, relixión, opinión política o calquera outra condición.*
- **Artigo 3.** *Todo ser humano ten dereito á vida, á liberdade e seguridade persoal.*
- **Artigo 4.** *Ninguén estará sometido á escravitude nin á servidume; a escravitude e a trata de escravos están prohibidas en todas as súas formas.*
- **Artigo 5.** *Ninguén será sometido a torturas nin a penas ou tratos crueis, inhumanos ou degradantes.*
- **Artigo 6.** *Todo ser humano ten dereito ao recoñecemento da súa personalidade xurídica, é dicir, a ser tido en conta polas leis nacionais e internacionais.*
- **Artigo 7.** *Todos somos iguais ante a lei e temos dereito a igual protección da lei sen ningunha discriminación.*
- **Artigo 8.** *Toda persoa ten dereito a un recurso efectivo ante os tribunais nacionais competentes, que a ampare contra actos que violen os seus dereitos fundamentais recoñecidos pola constitución o pola lei.*
- **Artigo 9.** *Ninguén poderá ser detido, preso ou desterrado arbitrariamente.*
- **Artigo 10.** *Toda persoa ten dereito, en condicións de plena igualdade, a ser oída e xulgada por tribunais independentes e imparciais.*
- **Artigo 11.** *Toda persoa acusada dun delito ten dereito a que se presuma a súa inocencia mentres non se demostre a súa culpabilidade.*
- **Artigo 12.** *Son contrarias aos dereitos humanos as inxerencias arbitrarias na vida privada, familiar, domicilio, correspondencia e ataques á honra ou á reputación.*



- **Artigo 13.** *Toda persoa ten dereito a circular libremente e a elixir o lugar de residencia no territorio dun Estado.*
- **Artigo 14.** *Toda persoa ten dereito a buscar e desfrutar de asilo en calquera país en caso de persecución.*
- **Artigo 15.** *Toda persoa ten dereito a unha nacionalidade.*
- **Artigo 16.** *Os homes e mulleres, a partir da idade núbil, teñen dereito, sen restrición ningunha por motivos de raza, nacionalidade ou relixión, a casar e fundar unha familia.*
- **Artigo 17.** *Toda persoa ten dereito á propiedade, individual ou colectivamente.*
- **Artigo 18.** *Toda persoa ten dereito á liberdade de pensamento, conciencia e relixión.*
- **Artigo 19.** *Toda persoa ten dereito á liberdade de opinión e expresión.*
- **Artigo 20.** *Toda persoa ten dereito á liberdade de reunión e asociación pacíficas.*
- **Artigo 21.** *Toda persoa ten dereito a participar no goberno do seu país, directamente ou por medio de representantes libremente elixidos.*
- **Artigo 22.** *Toda persoa ten dereito á seguridade social, á satisfacción dos dereitos económicos, sociais e culturais indispensables para a súa dignidade e ao libre desenvolvemento da súa personalidade.*
- **Artigo 23.** *Toda persoa ten dereito ao traballo, á libre elección do traballo, a condicións equitativas e satisfactorias de traballo e á protección contra o desemprego.*
- **Artigo 24.** *Toda persoa ten dereito ao descanso, ao desfrute de tempo libre, a unha limitación razoable da duración do traballo e a vacacións periódicas pagadas.*
- **Artigo 25.** *Toda persoa ten dereito a un nivel de vida adecuado que lle asegure, a ela e á súa familia, saúde e benestar, incluíndo a alimentación, a vestimenta, vivenda, atención médica e servizos sociais necesarios. O Estado ten a responsabilidade e obriga de asegurar estes dereitos.*
- **Artigo 26.** *Toda persoa ten dereito á educación. A educación debe ser gratuíta, polo menos no concernente á instrución elemental e fundamental (ler e escribir).*
- **Artigo 27.** *Toda persoa ten dereito a participar libremente na vida cultural da comunidade, a desfrutar das artes e a participar no progreso científico e dos beneficios que del resulten.*
- **Artigo 28.** *Toda persoa ten dereito a que se estableza unha orde social internacional na cal os dereitos e a liberdade proclamados nesta declaración se fagan permanentemente efectivos.*
- **Artigo 29.** *Toda persoa ten deberes respecto da comunidade, posto que só nela se pode desenvolver libre e plenamente a súa personalidade.*



- **Artigo 30.** *Nada nesta declaración poderá interpretarse no sentido de que confire dereito ningún ao Estado, a un grupo ou a unha persoa para emprender e desenvolver actividades ou realizar actos tendentes á supresión de calquera dos dereitos e liberdades recollidos nela».*

2.3 Cal é o cumprimento dos dereitos humanos?

O cumprimento dos dereitos humanos está condicionado a factores como a situación política, económica e social dun país, e a vontade dos gobernos de respectar e protexer estes dereitos fundamentais.

A pesar de estaren ratificados por todos os países do mundo, o certo é que en moitos lugares seguen sendo vulnerados de maneira sistemática. A verdade é que, dende a tortura, os tratos inhumanos, a discriminación e ata a privación arbitraria da liberdade, as violacións dos dereitos humanos seguen sendo unha realidade en moitos países.

Para loitar contra esta situación, organizacións internacionais como Amnistía Internacional, Human Rights Watch, Human Rights Foundation, Survival International, International Service for Human Rights, etc.. entre outras, levan adiante un traballo de vital importancia nun mundo onde aínda existen numerosas inxustizas e abusos de poder. Estas organizacións, grazas aos seus esforzos, lograron avances na abolición da pena de morte, na loita contra a tortura e na protección dos dereitos das mulleres, dos menores e das persoas LGBTI.

Todas elas traballan pola construción dun mundo máis xusto.

EXERCICIOS

Exercicio 2

«A pesar do recoñecemento xurídico dos dereitos humanos, isto non impediu que este século presencie xenocidios, masacres e persecucións crueis, intervencións sanguentas na vida doutros pobos, fame, enfermidades e analfabetismo en grandes rexións do mundo, ou a ameaza permanente dun estoupido nuclear».

Nino, Carlos S. *Ética e dereitos humanos*

- a) Que razóns impiden que os dereitos humanos non sexan respectados aínda en pleno século XXI ?

Exercicio 3

- a) En que concepto se fundamenta a Declaración universal dos dereitos humanos?

3. RELATO HISTÓRICO DOS DEREITOS DAS MULLERES

A historia dos dereitos das mulleres non foi paralela aos dereitos humanos acadados ao longo da historia. A marxinación da muller ao longo da historia impediu que eses dereitos foran extensivos a elas.

O longo camiño pola igualdade dos dereitos da muller iníciase no ano 1789, en plena Revolución Francesa, cando **Olympe de Gouges** (1748-1793), escritora e filósofa política francesa, fixo pública unha **Declaración dos dereitos da muller e a cidadá**, como réplica á Declaración dos dereitos do home e o cidadán que consideraba que excluía as mulleres. Esta declaración constitúe o primeiro documento que refire a igualdade xurídica e legal das mulleres, e comezaba coas seguintes palabras:

“Home, es capaz de ser xusto? Unha muller faiche esta pregunta”.

Tivo unha intensa activade literaria, política e feminista na defensa da igualdade da muller e do home, reclamou o dereito da muller ao voto, o acceso ao traballo público, o acceso á vida política e a falar en público, así como o dereito á educación. Avogou pola supresión do matrimonio e a instauración do divorcio e o recoñecemento paterno dos nenos nados fóra do matrimonio.

Foi tamén precursora da protección á infancia e aos desfavorecidos, defendendo a creación dun sistema de protección materno-infantil (creación de maternidades) e recomendou a creación de talleres nacionais para os parados e os fogares para mendigos.

Este intenso traballo intelectual e político, profundamente revolucionario para a época, levouna a ser condenada a morte por pretender ser *“home de Estado”*, atentar contra a República e *“renegar”* do seu propio sexo. Foi guillotinado o 3 de novembro de 1793.

Pouco antes de ser executada fronte a estas acusacións escribiu:

“Se unha muller pode subir ao cadafalso, tamén se lle debería recoñecer o dereito a poder subir á Tribuna”.

Outros momentos relevantes nesta loita polos dereitos das mulleres que podemos destacar son os seguintes:

- Publicación en 1792 da obra *Vindicación dos Dereitos da Muller*, da escritora inglesa **Mary Wollstonecraft** (1759-1797), onde argumenta que as mulleres non son por natureza inferiores ao home: *“o acceso á educación permitiría erradicar a obediencia cega fronte aos tiranos e os sensualistas, que só tratan de manter a muller na escuridade, porque os primeiros só queren escravas e os últimos, un xoguete”.*
- A mediados do século XIX comeza a cobrar forza o feminismo en Inglaterra e nos Estados Unidos.

O 19 e 20 de xullo de 1848 tivo lugar a **Convención de Séneca Falls** (Nova York) sobre os dereitos da muller nos EE.UU, na cal se aprobou unha declaración contra as restricións

políticas contra as mulleres: non poder votar, nin presentarse ás eleccións, nin ocupar cargos públicos, nin afiliarse a organizacións políticas ou asistir a reunións políticas. Tamén contra as restricións económicas, como a prohibición para a muller a ter propiedades, posto que os bens eran transferidos ao marido; a prohibición de dedicarse ao comercio, ter negocios propios ou abrir contas correntes e contra a negación dos dereitos civís e xurídicos para as mulleres. Aínda que o seu maior esforzo se centrou no dereito ao voto, este non foi recoñecido nos EE.UU. ata o ano 1920.

Esta **Declaración de Seneca Falls** está considerada como o **texto fundacional do feminismo como movemento social**.

- En Inglaterra, o Parlamento inglés presentara no ano 1866 unha demanda en favor do voto feminino que, ao ser rexeitada, provocou que en 1867 nacesse o primeiro grupo sufraxista británico: a Asociación Nacional para o Sufraxio da Muller.
- Ao longo do século XX foise acadando lentamente o dereito ao sufraxio feminino. Australia en 1901, Finlandia en 1906, Noruega en 1913, Dinamarca e Islandia en 1915. España en 1931 (coa 2ª República). Despois da Guerra Civil desapareceu a democracia e non se restaurou o dereito ao voto ata as primeiras eleccións democráticas do 15 de xuño de 1977. Francia e Italia en 1945 (despois da 2ª GM).

Nos países árabes este proceso foi aínda máis lento, e nun bo número deles aínda non teñen dereito ao voto na actualidade.

- Dende os inicios do século XX iníciase un camiño gradual e progresivo de recoñecementos progresivos dos dereitos e da igualdade da muller, no plano xurídico, laboral e social no seu conxunto.

Así, no ano 1910, na reunión da Internacional Socialista proclamouse o Día da Muller, como homenaxe ao movemento en favor dos dereitos da muller. O primeiro ano celebrouse o 19 de marzo o Día da Muller Traballadora, que posteriormente pasou a celebrarse o 8 de marzo, como vén sendo na actualidade.

Despois da 2ª GM, co inicio das actividades da ONU, en 1952 aprobouse a **Convención sobre os dereitos políticos da muller**, da que recollemos algúns artigos:

- **Artigo 1.** *As mulleres terán dereito a votar en todas as eleccións en igualdade de condicións cos homes, sen ningunha discriminación.*
- **Artigo 2.** *As mulleres serán elixibles para todos os organismos públicos electivos establecidos pola lexislación nacional, en condicións de igualdade cos homes, sen ningunha discriminación.*
- **Artigo 3.** *As mulleres terán dereito a ocupar cargos públicos e a exercer todas as funcións públicas establecidas pola lexislación nacional, en igualdade de condicións cos homes, sen ningunha discriminación.*

Posteriormente, as Nacións Unidas foron aprobando outros documentos relativos á eliminación da discriminación da muller, ano 1967.

No ámbito do Estado español existe dende o ano 2007 a Lei para a igualdade efectiva das mulleres e dos homes, que recoñece a igualdade formal ante a lei. Debemos sinalar que aínda que isto supón un paso moi importante, no día de hoxe resulta ser insuficiente. A violencia de xénero, discriminación salarial, o desemprego feminino, o teito de cristal no ámbito laboral, económico, social, a conciliación familiar, etc. amosan que esa igualdade cos homes é aínda unha tarefa pendente, que precisa ser reforzada.

Podemos concluír que na actualidade hai un marco teórico internacional que ampara os dereitos da muller e o desexo dun mundo cara ao futuro onde as mulleres non sexan discriminadas nin agredidas. Desgraciadamente este segue sendo máis un desexo que unha realidade universal, pero este horizonte anima o futuro da humanidade.

EXERCICIOS

Exercicio 4

1. Cal foi a réplica das mulleres á Declaración dos dereitos do home e do cidadán aprobada na Revolución Francesa do 1789?
 - a) A Convención de Xenebra.
 - b) A Declaración de Olympe de Gouges.
 - c) A Declaración de Séneca Falls.
2. Cando foron recoñecidos os dereitos políticos da muller nas Nacións Unidas?
 - a) No ano 1901 en Australia.
 - b) En España no ano 1977.
 - c) Nunha convención da ONU no ano 1952.
3. En que ano foi aprobada en España a Lei para a igualdade efectiva das mulleres e dos homes que recoñece a igualdade formal ante a lei?
 - a) 1977.
 - b) 2001.
 - c) 2007.

4. IDENTIDADE E VIOLENCIA DE XÉNERO. OS DEREITOS LGTBIQ

4.1 Introducción

A pesar dos progresos legislativos dos últimos séculos no ámbito dos dereitos da muller e do traballo en prol da igualdade, a muller segue sufrindo situacións de discriminación e violencia de todo tipo, mesmo feminicidios (asasinato de mulleres na contorna familiar), que supoñen un gravísimo problema nas sociedades contemporáneas.

Como mostra deste grave problema de tolerancia e respecto cara á muller, o informe do 20 de marzo de 2024 do Consello Xeral do Poder Xudicial sinala que as vítimas de violencia de xénero en España no ano 2023 foron 194.658. É dicir, unha media de 533 mulleres cada día. Cun aumento dun 9,46 % máis respecto do ano anterior.

4.2 Violencia de xénero

Considérase violencia de xénero calquera acto que cause dano físico ou psicolóxico a unha persoa por razón do seu xénero. Esta violencia está arraigada na desigualdade estrutural, educativa, económica, social, etc. e maniféstase de diversas formas:

1. **Violencia doméstica:** agresións físicas, emocionais ou psicolóxicas no ámbito familiar e privado.
2. **Violencia sexual:** abusos, acoso e violacións baseados na consideración de xénero.
3. **Feminicidios:** asasinatos de mulleres por persoas vinculadas afectiva ou familiarmente.
4. **Violencia vicaria:** asasinato de fillos por parte dun proxenitor para danar o outro.
5. **Discriminación e exclusión social:** pode incluír actos ou leis que limiten as oportunidades de emprego, educación ou participación política das persoas por razóns de xénero.

A violencia de xénero afecta fundamentalmente a muller, por unha razón puramente estatística, pero non se limita só á muller. Outros colectivos por mor da súa inclinación sexual ou de xénero, homosexuais, transexuais, etc. tamén son obxecto de discriminación e, en demasiadas ocasións, obxecto de violencia física ou psíquica unicamente por razón da súa identidade de xénero.

Importancia da loita contra a violencia de xénero

Para combater a violencia de xénero é esencial recoñecer de facto a igualdade da muller e as múltiples identidades de xénero, e isto implica:

- **Educación e sensibilización:** educar no respecto á muller e ás diferentes sensibilidades de xénero.



- **Lexislación e políticas públicas:** implementar leis e políticas que protexan fronte á desigualdade, a discriminación e a violencia por razón de xénero.
- **Apoio ás vítimas:** crear redes de apoio e acceso a servizos de xustiza e recuperación. Centros de acollida e atención psicolóxica e social para as vítimas desta violencia.

4.3 Dereitos LGBTI

Identidade de xénero: definición e conceptos clave

A identidade de xénero é a percepción interna, persoal e profunda que unha persoa ten do seu propio xénero. Refírese a como alguén se identifica a si mesmo en termos de ser home, muller, ambos, ningún, ou doutra maneira que transcende as categorías tradicionais de xénero. Esta identidade pode coincidir ou non co sexo asignado ao nacer.

Conceptos clave na identidade de xénero

- **Xénero asignado ao nacer:** é o xénero que se lle asigna a unha persoa ao nacer, usualmente baseado nas características físicas e xenitais. Este xénero asignado non sempre coincide coa identidade de xénero da persoa.
- **Xénero sentido:** é como unha persoa experimenta o seu xénero no seu interior. Este pode sentirse home, muller ou algo diferente.
- **Cisxénero:** refírese ás persoas cuxa identidade coincide co sexo asignado ao nacer.
- **Transxénero:** refírese ás persoas cuxa identidade de xénero non coincide co sexo asignado ao nacer. Por exemplo, un home que, aínda tendo os caracteres e órganos sexuais masculinos, pode sentirse muller, e viceversa.
- **Non binario:** identificarse como de xénero non binario simplemente quere dicir que non encaixas dentro do modo binario de entender o xénero. Isto é, non te sentes nin como home nin como muller, e entendes o **xénero** como algo moito máis **diverso**.

Diferenzas entre identidade de xénero e outros conceptos

- **Identidade de xénero** non debe confundirse co **sexo biolóxico**, que se refire ás características físicas (xenitais, cromosomas e hormonas) coas que un nace.
- Tampouco debe confundirse coa orientación sexual, que se refire á atracción emocional, romántica ou sexual cara a outras persoas. A orientación sexual non determina a identidade de xénero e viceversa. Por exemplo, unha persoa pode ser transxénero e homosexual, heterosexual, bisexual, etc.

Importancia de respectar a identidade de xénero

O respecto pola identidade de xénero dunha persoa implica utilizar os pronomes e o nome que a person elixa, e aceptar a súa autoidentificación sen cuestionala. O recoñecemento

da identidade de xénero é fundamental para promover a dignidade e o benestar das persoas, ademais de ser unha cuestión de dereitos humanos. A falta de respecto á identidade de xénero das persoas, especialmente das transxénero, pode conducir a experiencias de discriminación, violencia e exclusión social.

Recoñecemento legal e dereitos LGBTI

Nalgúns países do mundo, España entre eles, houbo avances significativos no recoñecemento dos dereitos LGBTI. O matrimonio igualitario, a adopción por parellas do mesmo sexo, a protección contra a discriminación, etc. Con todo, aínda existen grandes desafíos. En moitos outros países, as relacións entre persoas do mesmo sexo están criminalizadas e mesmo poden ser castigadas con penas de morte. As persoas LGBTI neste países enfrontan unha gran variedade de violencia, exclusión social e persecución.

En resumo, a identidade de xénero é un aspecto esencial e profundamente persoal da experiencia humana, que varía segundo cada individuo. O recoñecemento e respecto desta diversidade é clave para construír sociedades inclusivas e equitativas.

Diversos organismos internacionais, como as Nacións Unidas, a Corte Interamericana de Dereitos Humanos, recoñecen os dereitos das persoas LGBTI como dereitos fundamentais. E organizacións como Human Rights Watch ou Amnistía Internacional traballan activamente para denunciar as violacións a estes dereitos e promoven cambios legislativos e culturais.

A loita polos dereitos LGBTI é parte do esforzo global pola igualdade e os dereitos humanos, e aínda que houbo avances, queda moito por facer para asegurar que todas as persoas, sen importar a súa orientación sexual ou identidade de xénero, poidan vivir con dignidade e respecto.

Dereitos do colectivo LGBTI (lesbianas, gays, bisexuais e transxénero) recollidos nas lexislacións dalgúns países europeos (entre eles, España).

- **Dereito á non discriminación.** Dereito fundamental consagrado en constitucións e tratados internacionais.
- **Dereito ao matrimonio e á familia.** Matrimonio igualitario, adopción e recoñecemento legal das familias diversas.
- **Dereito das persoas transxénero.** Recoñecemento legal da identidade de xénero, acceso a tratamentos médicos e protección contra a violencia para persoas transxénero.
- **Dereito á educación inclusiva.** Implementación de currículos que ensinen sobre a diversidade sexual e de xénero, para fomentar a comprensión e o respecto dende o sistema educativo.



- **Dereito á liberdade, á expresión e asociación.** As persoas LGBTI teñen dereito a expresar libremente a súa orientación sexual ou a identidade de xénero sen medo a represalias. A visibilidade é crucial para a loita pola igualdade, e para promover o respecto e a comprensión.
- **Dereito á saúde.** Nalgúns contextos, as persoas LGBTI enfrontan barreiras adicionais nos centros de saúde debido aos prexuízos e á falta de coñecemento ou negación de servizos.
- **Protección contra a violencia.** As persoas LGBTI que non se axustan ás normas de xénero tradicionais son vítimas frecuentes de violencia física, psicolóxica e sexual. Os **crimes de odio** son unha das formas máis graves de violencia contra este colectivo. Nalgúns países, entre eles España, aumentáronse as penas motivadas por odio cara á orientación sexual ou a identidade de xénero.

EXERCICIOS

Exercicio 5

1. O asasinato dos fillos dunha muller a mans da súa parella, co ánimo de facerlle o dano máis terrible, chámase:
 - a) Violencia doméstica.
 - b) Violencia vicaria.
 - c) Violencia sexual.
2. A identidade de xénero coincide coa sexualidade biolóxica?
 - a) Si.
 - b) Non.
3. Cal é unha das formas máis graves de violencia contra o colectivo LGBTI?
 - a) A discriminación étnica.
 - b) A educación diferenciada.
 - c) Os crimes de odio.



SOLUCIÓNS

Exercicio 1

- a) A inexplicable relación entre o benestar e a falta de solidariedade.
- b) Quizais resida no egoísmo que xera a opulencia e o non necesitar dos demais para cubrir as nosas necesidades.

Exercicio 2

O cumprimento dos dereitos humanos está condicionado a factores como a situación política, económica e social dun país, e a vontade dos gobernos de respectar e protexer estes dereitos fundamentais.

Exercicio 3

No concepto de dignidade humana.

Exercicio 4

1. b)
2. c)
3. c)

Exercicio 5

1. b)
2. b)
3. c)